

A POESÍA ACTUAL



1. INTRODUCCIÓN.
2. A POESÍA DOS 80.
 - 2.1. Características xerais.
 - 2.2. Trazos estéticos e temáticos comúns.
 - 2.3. Colectivos poéticos e autores (grupos poéticos).
3. A POESÍA DOS 90 E DO SÉCULO XXI.
 - 3.1. Características dos poetas.
 - 3.2. Características externas da poesía dos 90.
 - 3.3. Características internas da nova poesía.
 - 3.3.1. Características temáticas. Tipos de discursos poéticos.
 - 3.3.2. Características estilísticas.
 - 3.4. Autores/as e obras.
 - 3.5. Poetas e tendencias do século XXI
4. MODELO DE COMENTARIO.
5. ANTOLOXÍA DE TEXTOS.

1. INTRODUCCIÓN

Nun momento marcado polos acontecementos políticos e sociais, un numeroso colectivo de poetas galegos, dispares en idades e grupos xeracionais, van conformar o ciclo do que damos en chamar **poesía actual**. Para alén de coincidencias temáticas e estéticas, estas innovadoreas voces amosarán actitudes próximas ante a vida e a creación poética.

Críticos e estudiosos, sabedores da dificultade que supón o acoutamento dun movemento literario, parecen coincidir en sinalar a data de 1976 como aquela en que se inicia esa esperada renovación.

A razón última desta convencionalidade é a publicación de tres obras fundamentais que abren a nova etapa poética que camiña paralela á incipiente creación dun estado democrático: en 1976 *Con pólvora e magnolias* de **Xosé Luís Méndez Ferrín**, *Mesteres* de **Arcadio López Casanova** e, en 1980, *Herba aquí ou acolá* de **Álvaro Cunqueiro**.

Estes libros representan a superación dunha poesía de compromiso cualificada na década dos 80 como monótona e coloquial, a favor dunha nova maneira de facer poemas buscando unha poesía estética e universal que entrocasse coa nosa tradición poética (particularmente coa poesía medieval, celta e vangardista) e que ao mesmo tempo fose europea e non particularizase en temas exclusivamente galegos.

En sintonía con este cambio de rumbo, aínda que nun principio con certa desorientación, os poetas máis novos comezan a reunirse e organizarse en grupos¹ ou a saír á luz individualmente.

Nun momento favorable para a publicación (os 80), grazas á convulsión do panorama editorial, aparecen en grande cantidade libros, revistas, folletos, etc. que revolucionan o horizonte poético. A isto contribúe tamén, en boa parte, a instauración de premios poéticos como o Esquíu, Celso Emilio Ferreiro, as Xustas Literarias de Santiago, o Cidade de Ourense, o Leliadoura –para poemarios completos- ou o Facho, Xogos Florais de Betanzos, Rosalía de Castro (de Cornellá), Minerva –para textos soltos-.



As revistas fanse eco desta eclosión e abren as súas páxinas a novos autores. *Dorna*, *Nordés*, *Luzes de Galicia*, *Festa da palabra silenciada*, *Grial* son, xunto a publicacións máis márxinais e efémeras, culpables en boa medida da difusión que ten nestes anos a poesía galega.

Edicións conxuntas, recitais, actos conmemorativos, todo serve para difundir a palabra poética que, coa chegada das novas voces dos 90 (algúns con apenas vinte anos) acaban de conformar un panorama amplo e ricaz coma poucos. Ademais, nestes últimos anos van aparecer novos galardóns que, nalgúns casos, inclúen cláusulas especificando o límite máximo de idade para os participantes, nun intento por dar pulo aos novos valores. É o caso de *Espiral Maior*, *Martín Códax*, *Miguel González Garcés*... De feito será *Espiral Maior*, editorial fundada en 1992, onde publique a meirande parte dos autores do momento dentro das súas coleccións de «Poesía» e «Illa verde», con libros de pequeno formato, baixo prezo e maior difusión.

¹ Empregamos o termo «grupo poético» entendido como reunión de autores carentes da intención de instaurar unha poética grupal colectiva e mantendo sempre a diversidade individual na escrita.

A constitución e proliferación de grupos, a importancia de Vigo, Compostela e A Coruña como cidades de reunión poética, e algunha outra coordenada histórica-literaria que imos ir vendo, son fundamentais para aproximarnos a unha etapa poética marcada pola diversidade e pola apertura de Galicia ás correntes poéticas universais.

Segundo isto, neste tema imos analizar a poesía de cada década, tendo en conta que conviven xuntos na actualidade e comparten intereses e canles de difusión

2. A POESÍA DOS 80

2.1. Características xerais.

Miguel Mato Fondo², indica como características ou liñas vertebradoras da poesía galega dos 80 as seguintes:

- **Afán culturalista**, e incluso un certo decadentismo estético, que só vai comezar a superarse na década dos 90, cunha maior preocupación do poeta por achegarse ao lector.
- Restablecemento de pontes firmes cos discursos poéticos anteriores, nun intento por reunir **tradición e modernidade**.
- En relación co anterior gostan de recrear **mitos** e reivindicar voces poéticas da nosa tradición (por exemplo: na celebración do cincuentenario de Manuel Antonio, salientase o seu carácter vangardista e revolucionario, a súa altura poética, etc.)
- Preocupación pola creación dunha **linguaxe poética nova**, imaxinativa, esixente. A palabra é, polo demais, frecuente obxecto de reflexión metapoética.
- Afán de **experimentación e interdisciplinabilidade** que os leva por un lado, a publicar libros plurais, e por outro, a colaborar con outras artes como é o caso do poemario *Mar do fin da terra* de C. Sánchez Iglesias que está musicado por Paulino Martínez e ilustrado por Facal.
- Recuperación da temática intimista e o erotismo.

A poesía galega –desta década– é xa que logo, un intento de conexión coas correntes universais da poesía actual, **a nivel estético e temático**, como ben imos poder comprobar de seguido ao ir analizando os trazos comúns máis salientables que imos atopar nos autores desta década.

2.2. Trazos estéticos e temáticos comúns.

- a) **Preocupación estilística**, de tal maneira que se crean poemas cheos de recursos retóricos e de gran calidade estilística. Isto provoca que o lector se encontre cunha poesía «hermética» e «complicada», segundo a definen os poetas dos 90.
- b) **Simbolismo e mitoloxía**. Mitos como o de Helena, Eros, Morgana..., e símbolos como os da *mazá*, *a cinza*, *a casa*, *as ortigas*, *o sal*, *a praia*, *a illa*, *as*

² *A mazá e a cinza (poesía galega após 1976)*, Ed. Do Cumio, 1991

aves de rapina, os *espellos* ou os tradicionais *río* e *mar* contribúen a crear unha linguaxe pouco accesible.

A **mazá** tanto pode ser un símbolo amoroso-erótico como o símbolo do paradisíaco, cando o poeta lembra o pasado.

A **cinza** representa a morte igual que as **ortigas**, o **sal**, e as **aves de rapina**, estes últimos relacionados co paso do tempo.

A **casa** é a infancia ou o pasado do poeta cunha visión paradisíaca.

Os **espellos** revelan o noso propio ser ou a irrealidade do real e a incerteza.

A **praia** e a **illa** reflicten a soidade do poeta.

Quixen entón regresar ao tempo
da nenez e era imposible
regresar aqueles sitios
con recendo de mazá
e amoras negras

F. Salinas Portugal, «O tempo da
nenez», en
Os habitantes da culpa

c) Variedade temática centrada principalmente:

- **Na invocación da Terra**, en ocasións cunha visión paradisíaca e apocalíptica, é dicir, cántase o paraíso perdido de Galicia que nalgún momento da historia existiu e foi real.

*En Seraogña hai pegadas de traballo:
pegadas que o carro
repite camiño do campo, da casa,
e as zocas cravan
nas pedras e no barro*

Alfonso Pexegueiro, *Seraogña*

O título de Seraogña é o anagrama de Angoares, parroquia ponteareá onde naceu o poeta.

- Na meditación sobre a morte e o tempo que pasa irremediabilmente cunha tendencia ao elexíaco e á nostalxia. Por veces recréase o tópico do *ubi sunt*?

Digo cecais
con cecais boca de nada
digo ónde
estades agora tempos
docísimamente de antano calo e digo
por acaso Helena ou María
Balteira...

X.L.Méndez Ferrín: «Diante da Compostela doutros días», en
Con pólvora e magnolias

- Na infancia como patria perdida do home.

...
Poño a man sobre a arma de desistir, alapeante,
e súpeto un ventíño que aloumiña
como as luvas de mamai cando volta do cine pola noite,
e todo o intre paira na tarde sen final
porque o neno camiña entre os repolos de onda a poza
e a finca está a piques de reventarme o fígado
de amala e de evocala como fago
nos horizontes incendiarios da lembranza da miña patria perdida.

Tanto pranto contido neste vaso de agora
reborda en chafariz de fel e cousa aceda.
alí os corredores en lume, as estrelas,
os ledísimos xofres inflamados, as ardentes noites
poboadas de velaíñas entrometéndose
na galería de diante do lembrado, espello
de criaturas de lapa da miña patria perdida
...

X.L. Méndez Ferrín: «Ourens», en *O fin dun canto*

- No intimismo amoroso e no erotismo frecuente agora na poesía dos 80:

*A túa boca violeta laboreal e venérea
levita polo cosmos inmensamente aberta
manando levemente lava rosa
na hora horizontal das cavernas da carne*

Claudio Rodríguez Fer: *A boca violeta*

- d) **Existencialismo** derivado da dor e da angustia que padece o poeta no intento de recuperar o tempo pasado. O poeta séntese só, derrotado e perdido no mundo que o rodea e do cal quere fuxir. Ás veces considérase náufrago nunha illa:

*Cavaleiro dorido
nas espidas praias
da vida*

Lino Braxe: «Amor do bosco», en *Banquete*

Isto explica o **ton elexíaco e saudosista** que caracteriza a poesía dos 80,

*...a Auséncia
é unha casa grande e vacía
onde o tempo tece unha tearaña
de sombras xa perdidas
entre a cinza
mentres a través dunha chuvia escura
que esvara nas xanelas,
aquel neno que fomos
pensativo nos mira*

Xulio Valcárcel: *Solaina da Auséncia*

- e) **O culturalismo** entendido como a omnipresenza de referencias míticas, históricas, literarias e/ou artísticas nun poema. Así nunha poesía podemos encontrar personaxes do cince, do cómic, citas polilingües, mitos clásicos grecolatinos ou referencias á música...

*A esa hora,
naquela taberna
tódolos vellos parecían Samuel Beckett³*

Manuel Rivas, Ningún cisne

- f) **Incipiente poesía experimental** grazas á técnica da colaxe textual. Así en *Con pólvora e magnolias*, o «Sirventés pola destrución de occitania» constrúese con textos latinos e occitanos; ou en *Mésteres*, «Epístola censoria» componse de citas de autores latinos e casteláns. O Grupo Rompente intercala versos, prosa de pollitzer, anuncios comerciais, elementos icónicos, fotografías, debuxos... Esta poesía experimental é a máis próxima ao vangardismo poético, xa que os autores destrúen o concepto tradicional de estrofa para crearen versos sen rima con rupturas sintácticas, caligramas, etc. Nesta poesía experimental tamén entra o culturalismo.

Despois dos anos a lectura inesperada do sheriff king
Sheriff king da nenez de TBO (hoxe cómic no meu
Léxico de cafetería)
Sheriff king sempre rexeitado polos teus eternos
«continuará»
outra vez hoxe a túa mesma historia do continuará no
seguinte número
crebo memoria vontade o meu colt de xoguete pregunto
cándo empezamos en nós a destrución do sheriff king
cándo a definitiva destrución de todo aquilo que fixo
de nós o cadáver
que debemos re-matar
compañeiros

MATEMOS AO SHERIFF KING

(continuará)

Rompente: *Silabario da turbina*

- g) **Afán de escritura conxunta** coa intención de os escritores dárense a coñecer. Isto provocou a *edición* de revistas por eles mesmos como *Loía* (Madrid, 1977) ou *Dorna* (Compostela, 1981); e a constitución de colectivos e de grupos poéticos con liñas internas comúns e afíns entre eles.

2.3. Colectivos poéticos e autores (grupos poéticos).

O Grupo dos 80 constituído por escritores hoxe consagrados pola crítica que comezaron a publicar na súa maioría na década de 1980, ben grazas á constitución de colectivos, ou ben grazas á unión entre eles en grupos poéticos en diferentes cidades.

³ **Samuel Beckett** (Dublín, 1906 – París, 1989) Dramaturgo, novelista, crítico e poeta irlandés, un dos máximos representantes do experimentalismo literario do século XX.

Ao longo destas páxinas veremos que a riqueza e a pluralidade son os trazos definidores dunha época de ebulición poética que posiblemente non ten parangón na nosa literatura contemporánea.

Mais é esta mesma diversidade quen impón a necesidade de estruturar tantos nomes propios baixo uns criterios mínimos comúns que poidan establecer grupos ou xeracións tal e como vén sendo tradicional nos estudos de crítica literaria.

Sobre esta cuestión ¿existe unha nova xeración poética? E baseándonos nas manifestacións dos propios autores⁴, debemo concluír que non hai neles sentimentos xeracionais que os unan.

A publicación conxunta débese, xa que logo, á necesidade de daren a coñecer textos inéditos, a un vago sentido iniciático, ou á impregnación de formas e modos sociais herdados ou asumidos da música rock e do seu medio cultural, ademais da tradición literaria.

Mais non debemos esquecer que non estamos ante unha época de xeracións senón de individualidades notables.

Agora ben, nos últimos tempos, vén sendo habitual utilizar como criterio organizador destas voces o núcleo xeográfico ao que pertencen, debido á importancia adquirida polas cidades de Vigo, A Coruña e Compostela, as dúas primeiras como focos poéticos e a terceira como cidade de paso, enlace ou promoción cultural.

Os colectivos de poetas de maior relevancia nos anos 70 son: “Grupo de Comunicación Poética Rompente”, “Cravo Fondo” e os aglutinados nos libros conxuntos “Alén” e “De amor e desamor I e II” da Coruña. Nos 80 os colectivos son: Ronseltz e Loia.

VIGO	
Grupo de Comunicación Poética ROMPENTE	<p>Tentou organizarse a nivel de toda Galicia, pero logo quedou reducido á cidade de Vigo.</p> <p>Permanceron activos desde 1976 ata 1983. Baixo este nome agóchase un grupo de autores que apostaron por levar a cultura urbana ao texto, nunha proposta vangardista e provocadora que revolucionou o xénero e entroncou coa denominada movida urbana de toda España.</p> <p>A súa concepción da poesía supuxo darlle moito valor á edición renovada (colaxe, cómic...) e a posta en escena: realizaron espectáculos poéticos audiovisuais, para os que contaron coa colaboración de artistas plásticos como Menchu Lamas ou Antón Patiño. Destacaron polo seu posicionamento estético-anarcoide.</p>
AUTORES	<p>O grupo está integrado por Antón Reixa, Alberto Avendaño, Manuel Romón e Camilo Valdeorras que en 1978 publican conxuntamente o manifesto <i>Silabario da turbina</i> (combina imaxe, debuxo, colaxe, banda deseñada e unha clara opción nacionalista de esquerdas), ao que lle seguiu <i>Fóra das vosas sucias mans de Manuel Antonio!</i> (1980).</p>

⁴ Cfr, L. Rodríguez (1986) e L. Rodríguez e T. Seara (1999)

COMPOSTELA	
CRAVO FONDO	Ten unha vida efémera. Publican unha única obra: <i>Cravo fondo</i> (1977). Neste libro espoñen as súas arelas de renovación: critícan o anterior movemento socialrealista e optan por unha poesía que fose alternativa para o cambio social-político da época en Galicia. Nel atopamos poesía de corte intimista e amorosa.
AUTORES	Os seus integrantes acadan a súa madurez na década dos 80 baixo as pautas poéticas da época: Xesús Rábade Paredes, Xavier Rodríguez Barrio, Fiz Vergara Vilariño, Ramiro Fonte, Helena Villar Janeiro e os irmáns López Várcarcel, Xulio e Xesús.
ALÉN	Herda das vangardas literarias a acción a través do manifesto. Nel desenvolven a súa poética, que é unha liña epigonal da poesía socialrealista que se escribía nos anos 60 e 70. Asuntos como a defensa da lingua, a opresión política da nación ou a falta de liberdades permanecen nunha poesía que non vai alén do compromiso social. Formalmente non seguen as tendencias da poesía clásica.
AUTORES	Son membros do grupo: Miguel Mato, Francisco Salinas Portugal, Xosé Ramón Pena. Só publican a obra colectiva <i>Alén</i> (1977), onde dan claras mostras desta nova preocupación.

LOIA: dentro dos colectivos poéticos que se deron ao longo da **década dos 80**, aparece o colectivo poético **LOIA**, formado polos estudantes e traballadores galegos que desde **Madrid** publicaron catro números da revista co mesmo nome que o grupo, de 1975 a 1978.

A súa poesía comparte os trazos co grupo Rompente, como a poesía de carácter gráfico, o cómic, a colaxe...

Deste colectivo saíron poetas como Manuel Rivas.

RONSELTZ, formado por universitarios coruñeses (X.C. Rodríguez, M. Cortés, Miguel A. Montes, Serxio Iglesias e Xabier Cordal) no ano **1985**, reacciona contra a tendencia da poesía galega do seu tempo, e a través dos happenings ou recitais fai unha lectura provocadora dos clásicos ao tempo que desacraliza o poema e muda o concepto de recital. A súa obra publicouse a modo de despedida, en 1994 so o título *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*.

AUTORES



A poesía desta xeración caracterízase pola calidade e cantidade dos seus poetas, a nómina é tan longa que, necesariamente, algúns nomes aparecen simplemente mencionados ou sobreentidos máis isto non significa que as súas obras non sexan merecedoras dunha atención particularizada.

Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957 – Barcelona 2008) participou no colectivo Cravo Fondo e é un dos fundadores da revista Dorna e un dos poetas máis representativos da

década dos 80. Na súa obra pódense distinguir tres etapas: á primeira, caracterizada polo culturalismo e o requintamento formal, pertencen *As cidades da nada* (1983), *Designium* (1984) e *Pensar na tempestade* (1986); á segunda, máis introspectiva, *Pasa un segredo* (1988) e *Adeus Norte* (1991); á terceira etapa corresponden *Luz do mediodía* (1995) e *O cazador de libros* (1997) e nelas o trazo distintivo é a pescuda de novos rexistros expresivos e formais. Con *Mínima moralidade* (1998) gaña o Premio Miguel González Garcés, e os seus últimos poemarios son: *Capitán Inverno* (1999) e *A rocha dos proscritos* (2001).




Xose M^a Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950). Este profesor e crítico literario é un dos grandes poetas dos últimos tempos. A súa obra caracterízase pola diversidade de temas e a rica precisión formal; nela atopamos desde a emotividade lírica e a introspección saudosa de *A praia das furnas* (1983), *Arquitecturas de cinza* (1985) ou *Luminoso lugar de abatimento* (1987) ata o compromiso social explícito e puntual de *Prego de cargos* (1991). *Calendario perpetuo* (1997) foi merecedora do Premio da Crítica Galega e constitúe unha complexa estratexia destinada ao desciframento ontolóxico e evolutivo da conciencia humana en relación co tempo. En *Cadernos da ira* (1999) faise cronista da memoria máis terrible do franquismo e lanza o seu berro dolorido e arrepiado, retomando a función social e o compromiso ético pero cunha perspectiva rigorosa e eficaz que abre novos camiños á nosa poesía. Tamén é autor de poesía infantil *Lúa de pan* (2002). Os últimos poemarios publicados son: *Ancoradoiro. Obra poética (1983-2003)*, 2003, *Vilar dos fillos* (2004) e *Vento de sal* (2008).



Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953). Poeta e narrador ten unha obra de evolución medida, sen grandes altos e baixos. No seu primeiro título, *Víspera de día* (1979), domina a angustia existencial e a presenza da morte, onde tamén aparece o amor como posible esperanza e saída desa angustia vital. *Alba de auga sonámbula* (1983) e *Solaina de ausencia* son en parte, herdeiros de motivacións semellantes aínda que máis pousados e introspectivos, centrándose o último no paso do tempo, a vida entendida como proceso de perda radical. Na obra *O sol entre os dedos* (1993) e *Memoria de Agosto* (1993) xorde a luminosidade na poesía onde simboliza tamén o dominio da propia vida. Os seus últimos poemarios son *En Voz baixa* (2002) e *Casa última* (2003).

Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, 1958). A presenza do amor e a soidade dominan a súa obra, singularmente a muller e o corpo. O corpo contemplado e cantado e a captación do desexo son os elementos nucleares do seu mundo literario. Os seus tres primeiros títulos, que destacan polo rigor formal e a arquitectura coidada do poema, *Seivas de amor e tránsito* (1984), *Do desexo en corpo e sombra* (1984) e *Memorial da brancura* (1985), constrúen un ciclo coherente que ten como eixo central o amor, o corpo, mais tamén a sombra e a ausencia, todos referentes clave da súa concepción poética. *O libro das paisaxes vivas* (1985) inaugura un novo ciclo presidido pola temática paisaxista e a aparición de elementos simbólicos tomados do mundo natural. En *Entre água e fogo* (1987) a paisaxe é escenario, decorado axeitado para a aparición da muller, presentada en íntima fusión co entorno natural. Logo de *Poemas da lenta nudez* (1994) publica *As certezas do clima* (1996) que sinala o paso a un mundo máis reconcentrado e por veces elixíaco, e polo cal recibiu o premio Martín Codax. Os seus últimos poemarios son: *Territorio da desaparición* (2004), *Capital do corpo* (2004) e *Dicionario do estremecemento* (2008).





Luís González Tosar (Bos Aires, 1952). Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, na actualidade é profesor de lingua e literatura galega.

Polo seu primeiro libro, *A caneiro cheo* (1985), Tosar recibiu o premio "Esquíu" de poesía en galego e o "Losada Diéguez" de creación literaria, xunto ao recoñecemento unánime da crítica. Poemario de grande intensidade lírica, onde a forza das imaxes, ademais do persoal manexo do léxico, nunha poesía na que o sentimento da terra, o amor e as lembranzas son os núcleos temáticos principais. O seu segundo poemario, *Remol das travesías* (1989), foi merecedor do premio da Asociación de la Crítica española. Este reflicte a vivencia das viaxes e ofrece retallos líricos inspirados por diversos espazos xeográficos. Outros libros seus son: *Seis cánticos labrados co recordo de seis cidades mouras* (Grial, Vigo, 1986), *Campás de Recalada* (1992) e *Coa forza da palabra* (1993); publicou tamén *Estación Marítima* (1996), en que recolle unha colección de relatos e semblanzas coa diáspora galega como fondo. En 2008 publica *Estúrdiga materia* poemario no que fala de vivencias e rende culto á lingua e aos amigos.

Luís G. Tosar, reuniu o primeiro ciclo da súa produción poética no volume *Madeira do meu canto / Madera de mi canto* (1998), aparecido en edición bilingüe, galego-castelán. A súa obra está presente nas principais antoloxías e foi traducida ao catalán, ao italiano, ao inglés, ao francés, ao alemán e ao húngaro.

Actual Presidente do P.E.N. Club de Escritores de Galicia, fundador e ex-director da revista *Dorna. Expresión poética galega* da Universidade de Santiago, coordinador da colección Dombate de poesía, é un asiduo colaborador en prensa e radio.

Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), notabilísimo ensaísta e crítico literario, ademais de poeta con preferencia polos temas eróticos; recolleu toda a súa poesía desa temática nun volume titulado *Vulva* (1990). Velaquí un pequeno fragmento desta temática do seu poemario *A boca violeta* (1987):



*A túa boca violeta boreal e venérea
levita polo cosmos inmensamente aberta
manando levemente lava rosa
na hora horizontal das cavernas da carne....*

Tamén é autor de *Cinepoemas* (1983) e *Lugo Blues* (1987) O seu últimos poemarios son: *A vida. Gravados sobre corpo* (2002), *A loita continúa* (2004), *Viaxes a ti* (2006) e *Ámote vermella* (2009)



Pilar Pallarés (Culleredo, 1957), *Entre lusco e fusco* (1980), combínanse os motivos da soidade pola ausencia do amor, que chega á desesperanza e á angustia, coa presenza de poemas de tema social na liña de Luís Seoane, Manuel María e Celso E. Ferreiro. A partir do seu segundo libro, *Sétima soidade* (1984), asistimos a unha nova actitude respecto da súa lingua poética, abandono do socialrealismo e ruptura co androcentrismo, ao tempo a asunción da tradición literaria feminina. Neste libro o intimismo amoroso convértese en tema dominante, presidido pola constante evidencia da soidade, o illamento e a morte. No *Livro das devoracións* (1996), o tema é a loita desde a máis tremenda das soidades contra a dor da conciencia. De 2000 é o seu último poemario *Poemas*.

3. A POESÍA DOS 90 e do século XXI

O grupo dos 90. Grupo de poetas que comezaron a publicar a partir de 1990, caracterizado pola súa xuventude, polo elevado número de poetas que nesta década se incorporaron á publicación de poesía e por concibiren, moitos deles, a lírica como espectáculo nun «afán de popularizar o xénero poético». En moitos casos eles mesmos foron os creadores de proxectos editoriais que divulgaban a súa obra. A este elevado número de escritores que irromperon na poesía hai que engadir unha característica máis: a heteroxeneidade de estilos e temáticas nas súas obras, cunha clara vontade de individualismo literario. Isto non contradí a existencia de escrita colectiva que tamén practica este grupo de escritores. Esmiuzamos cada unha das características anteriores:

3.1. Caracterización dos poetas.

- **Xuventude dos novos poetas.** Incorpóranse á poesía con moi pouca idade (Yolanda Castaño naceu en 1977 e con 17 anos gaña o Premio Bouza Brey con *Elevar as Pálpebras*). A idade deles dános un dato importante: teñen formación académica na lingua e literatura galegas, o cal inflúe na súa obra. Son activistas sociais, e cabe destacar a fronte solidaria arredor da plataforma Nunca Máis en colectivos como Burla Negra, Redes Escarlata..., nun movemento de rebeldía, como foi a súa poesía, a reacción emocional de amor ao mar e á terra. A maioría son licenciados en Filoloxía galega ou hispánica (Yolanda Castaño, Enma Couceiro, M^a do Cebreiro, María Lado, Marta Dacosta, Miro e Rafa Villar, Martín Veiga ou Olga Novo) e algúns exercen como profesores de Ensino Secundario. Outros dedícanse ás artes (pintura ou teatro), como Anxos Romeo, Estevo Creus ou María Lado.
- **Aumento significativo do número de autores** (Inma López Silva sinala que a **Costa da Morte e o seu Batallón** ten os índices máis altos de poetas por metro cadrado). Hai que indicar que a **eclosión de mulleres escritoras** no actual panorama literario é un dato importante froito da incorporación da muller ao ámbito laboral e cultural dos nosos tempos. Seguen unhas liñas deconstrutivas habituais: relectura dos mitos, procura da orixinalidade formal, renovación do erotismo e da linguaxe.

A *Festa da Palabra Silenciada*, revista de estudos feministas, serviu para agrupar as escritoras cunha conciencia clara de escrita galega de mulleres. Alén de dar cabida á crítica feminista, daba existencia a obras que serían silenciadas no, daquela, estreito panorama crítico galego, cego para a obra de mulleres. As poetas dos 90 coñécense como Movemento Poético da Festa da Palabra Silenciada.




- Moitos e moitas están **ligados a Compostela**, sede de revistas e cooperativas editoriais e de boa parte dos recitais poéticos. Así mesmo, Compostela é a protagonista ou o escenario de poemas que se publicaron ao longo das décadas do 90 e 2000.

- Alén disto son escritores **influenciados por poetas anteriores** a eles como Manuel Antonio, Álvarez Cáccamo, Fernán Vello, Novoneyra, Méndez Ferrín ou Manuel María, e pola cultura de masas: *«actuamos na onda da integración, e non na da apocalipse: parafraseando a Eco, diría que mollamos os pés en todas as pucharas, porque niso consiste o pracer da liberdade; a nosa trans-cultura ecléctica, desde a lírica medieval aos debuxos animados da tele. Todo xunto e revirado»* (Carlos Negro).
- **Únense en colectivos** para editar principalmente as súas primeiras obras. En ocasións foron eles mesmos os que crearon editoriais, froito dese activismo que os caracteriza.

Foi frecuente a escrita colectiva ou grupos de poetas que se unen para escribir e que á vez son grupos de acción cultural: **Dolmen** (Ourense), o **Clube dos Porretas Mortos, Humilladoiro** (A Coruña); o **Círculo Letras de Cal**, o **colectivo Blas Espín** (Ponte do Porto); no Salnés a **Santa Compañía** e **Sete Naos** (Cambados); en Compostela **Serán Vencello**; as **Redes Escarlata**; e un dos colectivos de maior intensidade no seu labor de animación socio-cultural: o **Batallón Literario da Costa da Morte** (Fisterra). Nacen para seren oídos, para promocionaren xuntos a poesía na sociedade e para incidiren en aspectos de relevancia social sobre os que opinan e critican. Son antes de nada activistas sociais.

Aínda que se unan en colectivos para comunicar, non podemos falar dunha liña poética común senón de **claro individualismo**.

Algúns **volumes colectivos** son *Daquelas que cantan... Rosalía na palabra de once poetas galegos* (1997) con CD incluído, *Mulher a facer vento* (1998), *Alguén agarda que volva alí* (1998) e *A tribo das baleas* (metáfora marítima que acolle os poetas de Fisterra), por Helena González. E de 2006 *Polifonías. Voces poéticas contra a violencia de xénero*.



3.2. Caracterización externa da poesía dos 90

Podemos citar varias **canles para a distribución dos poemas** de autores que nos comezos dos 90 eran descoñecidos:

- **Distribución, en soporte papel, en libros ou revistas a través de:**
 - **Proxectos editoriais innovadores** creados coa finalidade de abrírense un camiño na divulgación da súa obra. Os proxectos máis innovadores nacen dos propios grupos de escritores, case sempre sen afán de lucro: a **Colección Letras de Cal** por iniciativa de 18 escritores (1997 – 2001) publicaba primeiras obras de autores noveis cunha tiraxe de 450 exemplares a baixo prezo; **Edicións do Dragón**, a iniciativa de Francisco Souto (1989 – 1996) conxugaba escrita en papel reciclado con ilustracións na portada. No seu interior estaban as follas soltas cos poemas manuscritos polo autor ou polos autores no caso de o libro ser colectivo, como por exemplo *No mesmo espazo* (1995) de Rafa Villar.



Nalgunha ocasión son os propios autores que editan as súas obras, así temos os libros autoeditados de Celso Fernández Sanmartín e Lupe Gómez (por exemplo o seu polémico *Pornografía*).

- **Editoriais consagradas.** En 1996 nace a colección Ablativo Absoluto de Xerais que publica poemas innovadores desde o punto de vista estético, a colección Di-versos, Positivas, colección Esquíu, ed. Tambo ou Bahía Branca, así como Espiral Maior (coa colección poética A Illa Verde) creada por Miguel Anxo Fernán Vello, colección Dombate de Galaxia, ou a colección O Roibén que comezou en Madrid en 1998 co volume *Comercial*.

- **A través de revistas e follas voandeiras**

Revistas: a revista *Feros Corvos* que se le nas tabernas da Costa da Morte; os libros de *Letras de Cal* véndense nos recitais organizados pola colección; *Espasmo*, revista de deconstrución literaria, ou *Suxeito Activo*, Revista de Pensamento das Redes Escarlata. *Valdeleite*, creada en 1998, foi unha revista artesanal dirixida por Yolanda Castaño e Olga Novo composta por unhas follas de cores fotocopiadas e postas dentro dunha bolsa de veludo. Estas dúas últimas pretenderon ser espazos abertos para a comunicación nun sentido amplo. Outras revistas máis canónicas son *Festa da Palabra Silenciada*, *A Xanela*, *Ar!*, *Luzes de Galiza*, *O Mono da Tinta*, *Ólissos*, *Unión Libre* ou *Dorna*.

Follas voandeiras, como por exemplo «Polpa», editada polo colectivo coruñés Humilladoiro; «A caramuxa», editada polo colectivo Sacou en Noia; ou «A Escolma», editada por Alberte Morán.

■ En soporte audiovisual e dixital

A edición informática a través das redes serviulles de canle comunicativa a estes autores. Ao mesmo tempo as revistas electrónicas serven de divulgación de crítica literaria. Internet sérvelles para a procura de público espectador ou futuro lector e xoga un papel fundamental no desenvolvemento da expresión poética. A rede é o mellor sistema de comunicación do autor cun potencial lector máis alá das fronteiras do país, e dos locais das librarías; así mesmo establece contacto con outros autores noveis ou veteranos, asociacións, revistas, concursos, etc.

Xa se comeza a falar dos cyberpoetas e da cyberpoesía. O lector manexa literatura fresca, acabada de chegar á rede, a cal pode manipular, ler, imprimir, gravar. Mesmo se pode comunicar co autor, enviarlle unha mensaxe e crear el mesmo unha páxina web cos seus autores preferidos, cos seus poemas preferidos ou crear clubs de lectura sobre asuntos específicos.

Moitos autores galegos xa teñen a súa páxina web e mesmo Rafa Villar xa ten algún libro na rede, é o caso de Illa dentro ou o proxecto telemático andar21.poesía galega (andar21.fiestras.com), «iniciativa dun grupo de persoas coa finalidade de difundir creacións poéticas e artísticas diversas». A súa liña editorial identifícase como «unha publicación independente, galega, cunha clara vocación internacionalista e comprometida coa defensa dos dereitos humanos; que non ten nin reclama a protección oficial»

Internet convértese en receptora, difusora e organizadora da poesía como forma de expresión e cultura, ben como medio de divulgación para o poeta ben como de pesquisa para o usuario.

- **A través de recitais orais e talleres literarios** que serviron para «popularizar» o xénero poético achegando a poesía aos receptores. Moitos deses escritores levan a poesía en comunicación directa ao público, á rúa, aos pubs, aos institutos e facultades... a través dos recitais poéticos, de tal xeito que os poemas saen do seu formato en papel e da dependencia exclusiva dunha editorial que os saque á luz. Estes escritores fan pública a súa obra a través do espectáculo, como unha maneira de facela accesible á xente do común, e integrándoa na vida cultural dun país. Pretenden converter o lector en auditorio. Por poñer algún exemplo, foi un auténtico éxito de público o proxecto de Letras de Cal de realizar o último martes de cada mes no pub Tarasca de Compostela un recital poético; así como os Ciclos de Recitais Poéticos celebrados na Facultade de Filoloxía mes a mes entre 1996 e 1998 organizados por Yolanda Castaño e Enma Couceiro ou os encontros poéticos na Solaina de Piloño.

*Resulta máis fermoso un verso recitado nun bar ca
un verso gravado nunha lápida*

*Carlos negro, dixit, en 2º Encontro de novos
escritores. Novembro 2002*

- **Os premios literarios:** en boa medida as editoriais ou institucións sustentan os premios literarios de poesía que favorecen o panorama poético: o Premio Esquíu (vinculado a Caixa Galicia), o Francisco Añón, o Xohán Carballeira, o Martín Códax, o Miguel González Garcés, o Díaz Xácome para Novos Creadores.....
- **Aumento das publicacións poéticas principalmente antoloxías,** Destacando as seguintes:
Antoloxía consultada da poesía galega 1976 – 2000 por Arturo Casas (selección de autores e obras máis votados tras unha consulta a especialistas, escritores, editores, críticos e lectores).
Tribo de baleas. Poetas de arestora, de Helena González.
Sete naos (1998), volume do grupo do mesmo nome.
Para saír do século (1997), de Luciano Rodríguez e Teresa Seara.
Río de son e vento (1998), de César Morán (dende a Idade Media ata hoxe con CD).
dEfecto (2000), antoloxía de poetas dos 90 elaborada polo Consello de Redacción de Letras de Cal.
Upalás (1998), do Grupo Rompente.
Mulher a fazer vento (1998), poemas de 7 autores.
Mar por medio (1998), o derradeiro libro colectivo do Batallón Literario da Costa da Morte.
Novas voces da poesía galega (2000), con CD coas voces dos seus autores (Ana Romaní, Rafa Villar, Estevo Creus, M^a do Cebreiro...). Edición dixital do Consello da Cultura Galega.
25 anos de poesía galega III (2002)
Xuro que nunca volverei pasar fame, poesía escarlata, ed. Difusora de letras, artes e ideas, 2003 (libro colectivo de 24 poetas)
Negra sombra e Sempre Mar, cultura contra a burla negra, os dous de 2003 a raíz do desastre ecolóxico do Prestige.
8 e méio, de Edicións do Dragón.
Aracne 3 (2006), escolma poética de Helena de Carlos

■ **Dinamización da palabra poética froito da súa crecente importancia ao longo do novo milenio**

- Desde hai un anos celébrase o **Día da Poesía Galega**, 28 de decembro, para honrar un poeta galego vivo.
- Celebración das 24 horas de poesía que reuniu escritores e lectores no Teatro Rosalía da Coruña en marzo de 2000 para recitar durante un día enteiro.
- Apertura de Portugal cara á nosa poesía: organización de veladas e festivais de poesía en territorio lusitano. Edições Tema publica obras de poetas galegos, por exemplo o volume colectivo *Mulher a fazer vento* (1998).
- Apertura de Galicia cara á poesía eonaviega (asturiana) cos volumes *Carreiros* (mostra de Poesía da Terra Eo-Navia en lingua galega) ou *Xeitos de falar* (mostra de poesía asturiana).
- A chegada de varios narradores á poesía: Alfonso Álvarez Cáccamo con *Na flor do vento* (1999), Francisco Fernández Naval con *Días de cera* (1999), onde indaga a través do símbolo da cera sobre a fragilidade da vida poboada de aves que cantan e marchan, X.C. Caneiro con *Aínda soñas con piratas?* (1999) ou X. Miranda con *Capitan dos teus ollos* (2006).
- Aumento progresivo na publicación de poemarios e o interese da crítica literaria por este xénero (aparición de monográficos, artigos..., como nunca antes ocorrera na poesía).

Queda explicado neste punto a cada vez maior relevancia social da poesía, un dos meirandes logros dos nosos días e que irá en incremento.

3.3. Características internas da nova poesía

A nova poesía carece dunha liña poética dominante, contén unha expresión moi directa, un intimismo de ton vivencial ou naturalidade apaixonada que gusta do detalle cotián e da anécdota persoal, incorrendo en certa **narratividade** na procura da espontaneidade. Así mesmo a nova poesía céntrase na **deconstrución** do establecido ou do tradicional, o que supón unha relectura e unha nova configuración de todo tipo de tópicos literarios: imaxes, metáforas, mitos **subvertendo** o propio concepto de poesía (por exemplo Fran Alonso elimina a fronteira entre o lírico e o narrativo en *Tortillas para os obreiros*; *Darío a diario* de Xela Arias incorpora o diario –propio da narrativa– á poesía; e Marga Romero fala do «asasinato premeditado do xénero poético como liberdade do poeta»).

Reivindican así a **liberdade creativa**.

3.3.1. Caracterización temática. Tipos de discursos poéticos.

- **Rica heteroxeneidade** de temáticas froito do individualismo literario. A característica fundamental da nova poesía é que os temas de sempre son tratados desde diferentes ópticas en cada autor e ás veces dentro dun mesmo autor encontrar propostas diferentes:

- **O amor.** É visto desde múltiples perspectivas: doloroso, platónico, transgresor, erótico, telúrico...

En Miro Villar temos o desamor en *Ausencias pretéritas* e o erotismo en *42 décimas de febre*. Pola contra, Francisco Souto en *As árbores do incesto* (1995) trata o incesto, o caos e a loucura.

Os temas sexuais incorpóranse con naturalidade na poesía dos 90. Así nolo di Lupe Gómez:

*Debéramos falar máis
de sexo
Con naturalidade
como cando
lavamos o pelo.*

Lupe Gómez, *Poesía fea*

- **A dor existencial.** As dúbidas existenciais (presentes nos crepúsculos ou na noite), a soidade, a presión do paso do tempo e consciencia da morte inevitable crean desacougo no eu poético, que sofre. Para evitar estes sufrimento o poeta refuxiarase case sempre nas súas lembranzas pasadas, recreando a casa ou momentos de plenitude amorosa e de paixón.

O paso do tempo (o tópico literario *tempus fugit*) está simbolizado a través do río, do camiño e máis modernamente a través do tren.

Igual que nos 80 vemos certo decadentismo cando poetas como Martín Veiga nos presentan escenarios destruídos pola natureza ou polo tempo (*Tempo van de porcelana* ou *As últimas ruínas*).

- **A paisaxe.** Á parte de ser escenario (en ocasións *locus amoenus*), pode interaccionar co poeta de maneira positiva ou negativa. Aparece con frecuencia a natureza mariña (o mar) aínda que tamén temos a cidade, elemento escenográfico da poesía dos 80. En ocasións aparecen os barrios proletarios e a marxinalidade social... (Fran Alonso, *Tortillas para os obreiros*).

Os símbolos máis frecuentes nestes temas son:

Os elementos primixenios do cosmos: a terra (muller-naí), camiño para percorrer ou (símbolo da permanencia fronte á auga, o aire (a canle pola que circula a palabra), o lume (paixón amorosa, símbolo do amor ou da vida).

A casa, ás veces como patria ou refuxio íntimo.

O mar, símbolo do tempo que pasa, do amor e do erótico. Ligados a el temos: a praia, escenario para o amor, o sal (símbolo efémero en relación coa auga e símbolo do permanente pola súa capacidade de conservación da carne), a illa (especie de terra prometida), a balea (símbolo erótico, símbolo do útero...) e as mareas (símbolo do vivir e das dificultades).

Esta heteroxeneidade temática enriquecese se temos en conta as publicacións, nas mesma datas, dos escritores dos 80 con propostas diferentes, froito da convivencia de varias xeracións de poetas en pleno auxe creativo.

Partindo desta diversidade de temas podemos salientar os seguintes **tipos de discursos**:

- **Discurso feminino**

O estourido da escrita feminina prodúcese en 1991 coa publicación de 3 poemarios: *Metáfora da metáfora* de M^a Xosé Queizán, *Uránia* de Chus Pato e *Música reservada* de Luísa Villalta.

A muller poeta cuestiona o discurso, a linguaxe, os mitos, a categoría de xénero e rompe con imaxes poéticas establecidas nos 80. A súa actitude é case sempre subversiva e provocadora (Yolanda Castaño, Lupe Gómez ou Olga Novo).

- **A linguaxe.** As poetas pretenden liberarse da linguaxe para crear un novo código que sexa quen de emitir a súa propia voz polo que renegan da escrita herdada, que segundo elas obedecía ao poder patriarcal. María Xosé Queizán fala de «pensar coa lingua que nos degrada», para Emma Couceiro hai que saír para deixar de pintar o silencio e Olga Novo refírese ao parto en *Nós nus*: «resiste o poema entre o sangue e a placenta». Ademais Olga Novo fala de recobrar palabras que agardaban nos outeiros, na fraga e nos lugares nos que só hai cabalos. En *Nós nus* salienta a metalingüística, a reflexión sobre a linguaxe, a importancia da palabra porque é a que se apropia da idea, da sensación, da paisaxe e do máis íntimo do Eu poético. Así nolo explica tamén Ana Romaní.

*E coa palabra
recuperar os camiños
pórllle nome ó laberinto
navegalo*

Ana Romaní

- **O mito.** Cuestionan tamén os mitos clásicos e pretenden renovalos dándolle o poder á muller. Así por exemplo, a Penélope da década dos 90 rebélase contra a historia e decide non agardar máis a Ulises.

Declara o oráculo:

QUE á banda de solpor é mar de mortos,
Inceta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acadas disas patrias a vindica
QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.
QUE un sumario de xerfa polos cons

Así falou Penélope:

Existe a maxia e pode ser de todos.
¿a que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR

Xohana Torres, *Tempo de ría*

- **Ruptura con imaxes poéticas** ás que estabamos habituados nos 80, por exemplo relacionadas coa infancia. A través dos recordos chegan á infancia (noutro paraíso perdido do poeta) coa finalidade de destruíla porque é o espazo ou o cárcere que as pecha como mulleres relegándoas ao papel social de muller tradicional.

Da mesma maneira que foxen da infancia, tamén o fan da nai que é transmisora da escravitude patriarcal. «A infancia é o espazo que nos pecha como mulleres. Hai que transgredir o papel de nai paridora de fillos».

*O nome da miña nai
blasfemo*

impronunciabile
Chus Pato

Estas mesmas imaxes están presentes na poesía dalgúns poetas que se solidarizan con elas.

En ocasións reivindican as súas orixes a través da figura xa tópica das súas antepasadas, concretamente das avoas (Ana Romani, Anxos Romeo, Cristal Méndez, Chus Pato ou Marta Dacosta).

- **A reivindicación do corpo.** A presenza do corpo é frecuente nas poetas, ben como símbolo da reivindicación sexual (o dereito ao gozo corporal) ou ben identificado coa creación literaria (corpo = poema, obra ou lingua), de tal xeito que se identifica a carne coa palabra e a creación co amor ou coa posesión.

«Non son perfume, son carne perfumada»
dinos M^a Xosé Queizán en *Despertar das amantes* (1993)

Así se rebela Lupe Gómez contra o que a define como muller:

*Aplastarei a matriz que
me envolve para volver a
amar e sentir o meu útero
libre e aberto. Fareino con
amor, con poesía, con présa.*

Lupe Gómez, *Pornografía*

Con respecto á presenza do corpo feminino na poesía dos 90, di Lupe Gómez: «eu son fiel á hora de marcar o feminino, falando moito do corpo da muller, que é moi importante, como estratexia que desenmascara ese hábito da poesía de estar falando das nubes e de cousas así, que é falar sempre de algo intanxible».

- **Subversión do canon estético da muller.** Por primeira vez as poetas incorporan personaxes lendarios «antiliterarios», tidos como exemplo de perversidade feminina: prostitutas, mulleres malvadas, meigas, mouras, Medusa ou Lilith polo aquel de seren mulleres que rachan as convencións, indómitas e rebeldes; rompen así esa consideración que a historia lles deu, converténdose en símbolos positivos.

OCULTACIÓN DE DATOS

*Na miña nenez
non houbo putas.
Cando as vin
deslumbráronme.*

Lupe Gómez, Pornografía

Na obra dos poetas varóns a muller acada un papel fundamental e é vista de maneira novidosa (perspectiva erótica, reivindicativa do seu papel social), por exemplo Xosé M^a Millán Otero caracteriza a muller cos termos particulares da mariña, e outros escritores incorporan nos seus textos mulleres non idealizadas e personaxes correntes, por exemplos as conserveiras na poesía de Fran Alonso son o matriarcado, o poder feminino.

Lupe Gómez en *Poesía fea* rebélase contra o bonito, o doce e contra a cultura da imaxe, «tan hipócrita e falsa», co cal fai unha crítica aceda da sociedade do noso tempo.

- **Poesía comprometida co seu tempo.** Sen ser poesía civil ou social ao estilo dos anos 60, si é poesía que trata asuntos sociais: antimilitarismo, insumisión, ecoloxismo, independentismo, solidariedade, crítica política...

Tamén teñen certo compromiso lingüístico. Chus Pato en *Nínive* (1997) fala da perda lingüística do galego unida á perda da historia das mulleres e á perda da aldea galega. Cristal Méndez en *Amizade con Mowgli* (1997) fala de «castelán vigués», lingua dos «paxariños da cidade»...

Comprométense con causas sociais contemporáneas ao lector:

- A terra e a súa defensa como patria (chamamento á implicación colectiva para mudar o presente).
- Denuncia do consumismo estéril.
- Insumisión militar, solidariedade cos pobos que padecen persecución política ou bélica.
- Ecoloxismo (por exemplo o referido ao desastre ecolóxico protagonizado polo Prestige e os incendios).
- Crítica á falta de liberdade de expresión.

*Nesta sociedade
hai moitos
micrófonos
para que ningún
diga nada*

Lupe Gómez, *Poesía fea*

Estes versos son unha crítica contra a sociedade acomodada que non se rebela, que non loita contra o imposto, que nada di.

- Crítica á violencia de xénero no poemario de Ana Romaní *Love me tender. 24 pezas mínimas para unha caixa de música* (2005) ou en *O pozo da ferida* (2006), de Medos Romero.

■ Poesía circunstancial

É poesía inmediata sobre o mundo do día a día, centrada no gusto polo detalle e polo cotián. Os poetas poden:

- Facer crónicas como Claudio Pato.
- Reinventar o realismo máxico-lírico (Estevo Creus, Celso Fernández, Sanmartín).
- Empregar a realidade inmediata para facer poesía negra (Antón R. López).
- Poesía de suspense (Anxo Quintela, *O asasino estrábico*, 1996).
- Enrestrar historias cotiás (Fran Alonso).

■ Reflexión metapoética

Reflexión sobre o poder da palabra e a (in)capacidade para explicar a mensaxe exacta que o autor quere transmitir, o que desemboca, en ocasións en desacougo existencial.

■ Discurso contraliterario, o «realismo sucio», antilirismo

Por exemplo en A. Reixa, que ten unha visión paródica da realidade e da tradición, xoga coa lingua e co contexto cultural en *Ringo Rango* (1992) ou en *Viva Galicia, Beibe* (1994)

3.3.2. Caracterización estilística

A característica dos 90 é heteroxeneidade de estilos entre autores e dentro dun mesmo autor.

Podemos ver:

Simplificación da lingua e dos símbolos que cae ás veces no «minimalismo estilístico» porque a finalidade da poesía nesta década é a de comunicar. Predomina, polo tanto, a expresión directa e a fuxida da sofisticación formal e de recarga retórica doutras épocas, a narratividade e un certo coloquialismo que se relaciona coa oralidade dos recitais. Isto xustifica a presenza consciente de dialectalismos e vulgarismos na procura de espontaneidade.

Así reivindica Carlos Negro a apertura lingüística e a utilización de léxico cotián da nova poesía: *Os noventa trouxeron a fenda do posmodernismos; non somos conscientes, a linguaxe tampouco; herdamos discursos contaminados, desactivados a través de impúdicos mecanismos de mercantilización; a propia linguaxe poética máis tradicional e canónica convértese en tópico publicitario; versos que anuncian coches e cosméticos, perfumes e electrodomésticos; mesmo o concepto apolíneo da beleza serve de escusa para vender unha sombra de ollos de Lâncome, París; e, por suposto, as compresas teñen alas.*

Se á poesía lle andan a roubar as palabras, tamén a poesía pode e debe andar á pillota polas linguaxes contemporáneas, subverténdoas; fender os códigos, amosar as feridas, dubidar de todas as suturas harmónicas; velaí o proxecto deconstrutivo de Chus Pato, de Xabier Cordal, de Manuel Outerío, quizais tamén de María do Cebreiro. Os noventa son a dispersión, a apertura lingüística, os anacos de linguaxe, cristais e ruído.

Carlos Negro, *Flash zapping vers*, en 2º Encontro de novos escritores (2002)

Dun xeito semellante, Lupe Gómez reivindica a poesía sen artificios e sen complicacións estilísticas:

Dicir o que queres dicir sen poñerlle atrancos nin obsesións técnicas. Non me preocupo tanto por escribir ben como por dicir o que quero dicir. Móvome por impulsos. A rima, a medida, parécenme esforzos innecesarios. Eu só quero falar, comunicarme.

Lupe Gómez, en *Galicia Hoxe* (12 -12- 04)

No entanto, nalgúns poetas hai unha certa complicación do poema debido:

- Ás rupturas sintácticas e visuais do verso, e á gramaticalidade (por exemplo nalgún poema de Chus Pato).
- Ao culturalismo (intercomunicación coas artes plásticas en Miro Villar, referencias xeográficas e literarias Martín Veiga).
- Á linguaxe barroca e ás palpebras inventadas na poesía de Yolanda Castaño.

En canto á **métrica** temos estrofas clásicas en Miro Villar, Martín Veiga ou Paulino Vázquez fronte ao versolibrismo e á estrutura narrativa de Anxo Quintela.

Na linguaxe observamos **campos léxicos novos** e certa **modernización do vocabulario**.

Nos últimos tempos dáse unha tendencia da poesía cara á multidisciplinariade dada a presenza do audiovisual nela. Foron coñecidas as performances de Antón Lopo e Ana Romaní, que mesturan textos deles mesmos con outros poemas de de poetas como Xabier Cordal ou Pilar Beiro en *Lob*s*. Tamén é de salientar a experiencia multidisciplinaria que tivo lugar na Galería Atlántida da Coruña no verán de 1999 titulada *O ouro das tribus*, cunha mestura de versos de Omar Kayyam, haikus xaponeses e o espectáculo poético-musical *A caricia da serpe*, coa creación en vivo dun mural do pintor Correa Corredoira. Tamén destacan as experiencias da Corporación Semiótica do Salnés que dá á luz varios volumes de poesía visual: *Defuncionario*, *SPOT*, e *Publipoemas*, todos en edición do autor, onde o texto e imaxe conviven a diferentes niveis buscando a plurisignificación total.

3.4. Autores e autoras da nova poesía



CHUS PATO (Ourense, 1955). O seu libro *m-Talá* rompeu os esquemas da poesía galega: «o libro probablemente máis polémico dos últimos anos en Galicia» (*Galicia Hoxe*, 2004). Chus Pato é coñecida por unha ampla obra poética: *A ponte das poldras* (1999), *Nínive*, *Uránia* ou *Prometea Multitúdina* (en edición dixital, 2002). Publica no ano 2004 *Charenton*, un poemario tinguido de humor e ironía. Con el reivindica o xenoma poético: «a poesía abrangue máis que a lírica», máis alá dos canons tradicionais.

Emprega os versos para reflexionar sobre o nacionalismo galego lembrando a Otero Pedrayo, Pimentel ou Cabanillas e para reflexionar sobre textos políticos do presente e do pasado como os Documentos do primeiro proxecto do Estatuto de Autonomía ou coa propaganda do Partido Galeguista. En 2008 consegue o Premio da Crítica de poesía galega co seu poemario *Hordas de escritura*, e no 2009 publica *Secesión*.

ANA ROMANÍ (Noia, A Coruña, 1962). Escritora, xornalista e locutora da Radio Galega, desde onde dirixe o programa «Diario cultural». Escribiu poemarios *Palabra de mar* (1987), *Das últimas mareas* (1994) e *Arden* (1998). A súa obra está recollida en diferentes antoloxías e libros colectivos e participou en proxectos artísticos como *O son da pedra de Milladoiro*; *Son delas*, con Uxía Senlle; *Lob*s* (1998), con Antón Lopo; *Estalactitas* (2002), con Anxos Romeo e Lupe Gómez, e *Catro poetas suicidas*. Intervención contra a levidade (2002), en solitario; a última obra foi *Love me tender. 24 pezas mínimas para unha caixa de música* (2005).



EMMA COUCEIRO (Cospeito, Lugo, 1977). A súa obra aparece recollida en libros colectivos e antoloxías, así como nos libros individuais *Humidosas* (1997), co que gaña o Premio Esquí, *As entrañas horas* (1998) e *Cito* (2003). En *Humidosas* dános a coñecer unha voz rotunda e entrañada en si mesma que se integraría no que algúns críticos consideran como un intimismo radical, así o podemos apreciar no seguinte poema do citado libro:

*Vivimos nunca casa de mentira.
Somos de trapo no seu ventre disecado,
trapevistas
ensaizando un futuro malabar.*

*Respira e dilata túneles,
cárcere rítmica de paredes e portas
que doe atravesar como bocas desertas para o silencio.*

*Paseamos en pixama
tomando notas a todas horas
coas mans cheas de tinta*

sen voz.

Participou en proxectos como Letras de Cal e organizou con Yolanda Castaño o I e II Ciclo de Recitais Poéticos na Facultade de Filoloxía da Coruña. Na actualidade ocupa a Secretaría Técnica da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Fai unha poesía radicalmente intimista, orixinal cunha linguaxe poética marcadamente propia e «habitada por unha multiplicación de figuras que intentan explicar o eu»



MARÍA DO CEBREIRO (Santiago, 1976). Licenciada en Filoloxía Hispánica en Compostela publicou *O estadio do espello* (1998) e *Nós, as inadaptadas*, cunha poesía chea de referencias culturais cun chisco de ironía e sentido lúdico. Publicou tamén o poema longo «Pérfida erín (sete visións en terra)», en edición dixital de 2001 e a serie *Atlas*. Co poemario *Non queres que o poema te coñeza* (2004) recibiu o Premio Caixanova, convocado polo Pen Club de Galicia. Coordinou as antoloxías *A poesía é o gran milagre do mundo* (2001) e *Damas negras* (2002), de letras de cancións interpretadas por mulleres. De 2006 é a obra *Os hemisferios*.

CRISTAL MÉNDEZ QUEIZÁN (Vigo, 1964). Profesora de canto en Barcelona, ten dirixido espectáculos poético-musicais como «Andamos a moer» (2001). *Amizade con Mowgli* (1997) foi o seu primeiro poemario. Emprega unha linguaxe coloquial (*colegui, morreo, agüita titi...*) con frases feitas inesperadas (*demo de vella*) falándonos do amor, do sexo, e dos nosos devanceiros.

[...]

*tía Rabina
escoita, ou,
a que chama é a túa tataraneta
dende a retagarda
no fin do milenio,
que aquí estamos,
máis do que se pensa,
agardando humildes
a hora xusta
da locura
e precisamos tamén
da túa lama,
óesme,
por mans que amasaron
o pan
en Vilanova
tía Rabina,
Demo de vella.*



OLGA NOVO (Vilarmao, A Pobra de Brollón, 1975). Foi elixida en 2004 como poeta galega do ano polo padroado da Cultura Galega de Montevideo, o cal lle dedicou o Día da Poesía Galega. Ademais de *A teta sobre o sol* (1996) e *Nós nus* (1997) publicou en 2004 *A cousa vermella*, un canto contra os horrores, unha afirmación da paz, das aperturas culturais e da esperanza, sen esquecerse do ancestral, das súas orixes e dos seus antepasados. Na seguinte poesía o erotismo aparece vinculado a conceptos como o tribalismo (como vén sendo habitual nela, o erotismo fusionado coa experiencia telúrica), ao mesmo tempo que reivindica o indixenismo.

Indio
sentada sobre ti
realizo a transfusión dos vivos e dos mortos de Galicia ás
viúvas
sentada sobre ti coloco as pernas en forma de cartografía
atlántica

Así sei que me torno cobriza cubríndote e na miña lingua era
Éter

Un Indio Indio Indio
Indio Indio
Indio

A cousa vermella, «Magnalia» (2004)

LUPE GÓMEZ (Fisteus, Curtis, 1972). Polémica, impulsiva, rebelde, cualificada por algúns de poeta escandalosa e obscena, é autora de obras como *Os teus dedos na miña braga con regra* (1999), *Poesía fea* (2000), *O útero dos cabalos* (2003) metáfora do feminino que hai nos homes, *Levantar as tetas* (2004) e *Azul estranxeira* (2004), co cal conseguiu o premio Eusebio Lorenzo Baleirón. Pretende con elas romper o bo gusto, rachar co que se considera correcto, utilizando palabras coas que se fala a cotío e falando de sexo, violencia, amor e desamor. Nestas dúas obras o verso é longo, fronte ao curto das primeiras, que eran unha especie de aforismos. Como ela mesma di o acto poético caracterízase pola falta de pudor ao expresar as máis diversas sensacións desde un talante rachador.

ENFOQUE TEÓRICO

*A muller é
un cristal
atravesado
por unha patria*

Lupe Gómez, Pornografía



YOLANDA CASTAÑO (Santiago, 1977). Licenciada en Filoloxía Hispánica, escribe *Elevar ás pálpebras* (1995), *Delicia* (1998), *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998) e *O libro do egoísta* (2005). Codirixiu con Olga Novo a revista Valdeleite. Actualmente prepara un libro de poesía infantil, desenvolve os obradoiros de poesía con Caixa Galicia, forma parte do consello de redacción dunha nova revista sobre arte e colabora nalgún programa da TVG («Cifras e Letras» e «Mercuria»).


MARÍA LADO (Cee, 1979). Iniciou a súa escritura dentro do Batallón Literario da Costa da Morte cando apenas contaba con 18 anos. Como ela mesma explica: «Fago de axudante de dirección nunha compañía de teatro e de manipuladora de títeres noutra». Publicou *A primeira visión* (Letras de Cal, 1997), do cal nos indica: «con el percorremos Galicia de presentación en presentación e conseguimos vendelo todo». Seguíronlle *Casa Atlántica casa cabaret* (2001) e *Berlín* (2005), poemario de amor ambientado nas rúas, prazas e parques de Compostela.

MARTA DACOSTA (Vigo, 1996). Profesora de Ensino Secundario e directora do Proxecto Letras de Cal, é poeta de temática social, existencial, metapoética e de recuperación dos ancestros femininos. En 1994 publica o seu primeiro poemario *Crear o mar en Compostela*, ao que lle seguen *Pel de Ameixa* (1995), *Setembro* (1998), *En atalaia alerta* e *As amantes de Hamlet* (2003). Tamén ela nos ofrece unha visión subversiva do mito clásico de Penélope:



*Eu son Penélope
e rexeito teas e fíos
non teu vou agardar*

CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN (Lalín, 1969). A súa poesía foi definida como naïf, dada a sinxeleza e aparente inxenuidade expresiva. En ocasións os seus protagonistas son os nenos. Publicou *Divagacións iú* (1991), *O tigre das cenoiras* (1994), *Sen título* (2002), *Propiamente son captivo* (1997) e *Fucsia talladas estampada boca* (2002). Varios son os poetas actuais que se consideran influenciados polo seu poemario *Sen título*. Velaquí uns versos líricos deste poemario:



Somente soño
que me veñas buscar á casa
cun globo na mau
e que me digas: -toma
este globito é para ti
quérote moito

(domingo das festas)



RAFA VILLAR (Cee, 1968). Membro do Batallón Literario da Costa da Morte, ten publicado *Os liques da memoria* (1993), o único volume cun certo ton épico e social, *O devalo do mar* (1994), *No mesmo espacio* (1995), *A sotavento dunha singradura* (1995), *O tributo da tarde* (1997), *Casa ou sombra* (1997) e a edición dixital de *Illa dentro*. De 2005 é *No ventre da balea*. As súas constantes xiran arredor da presenza do mar como mito, da narratividade unida ao lirismo, do uso do verso breve e nominal, sen verbos pero cheo de musicalidade.

MIRO VILLAR (Cee, 1965). Poeta e crítico literario, autor de estrofas clásicas como o soneto e as décimas, constitúe case unha excepción. Escribiu *Ausencias pretéritas* (1992), *42 décimas de febre* (1994), *Equinoccio de primavera* (1998) e *Mar de rostros* (2002).



FRAN ALONSO (Vigo, 1963). Estréase como poeta con *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992). A súa poesía é moi narrativa, comunicativa, centrada nos momentos cotiáns da vida. Do mesmo estilo é *Tortillas para os obreiros* (1996), poemario composto por dúas historias paralelas: un enfermo nun hospital e unha cociñeira facendo tortillas.

Ás veces téñoche medo.
Cando es por dentro un zume acedo,
Dulzón por fóra.
Cando escondes os ollos con rimel azul.
Vístestes de rúa
E saes a por min en xenreira.
Hai tardes en que non intercambiamos a mirada:
Semella que tes lóstregos nos ollos,
Lavadoras de reproches recién centrifugados.
Eu quento unha cunca de caldo ou devoro unha macela.
Arrepío cando mergullas os teus ollos de azul
Porque sei que preparas o combate.
Chegará ese segundo do estoupido e toda a sala será un inferno.
Neses intres o fío que nos une é a nosa propia negación.

Fran Alonso, *Persianas, pedramol e outros nervios*

Para algúns críticos esta obra foi «a primeira tentativa lograda de ruptura co modelo estético hexemonóxico nos 80», aínda que «a composición textual e o contido temático dos libros que publican os autores dos 90 non permite falar dunha viraxe radical con respecto á poesía anterior». En 2005 publica *Balada Solitaria*, poemario narrativo no que reflexiona sobre a soidade e a incomunicación do ser humano. En 2006 publica *Poetízate*, antoloxía dos poemas máis divertidos e desenfadados da literatura galega desde Rosalía aos nosos días. Ten a finalidade de levar a poesía aos adolescentes e a aquelas persoas non habitúadas a ler poemas.

ESTEVO CREUS (Cee, 1971). Licenciado en Psicoloxía en Compostela, autor de versos neosurrealistas cualificados como «politicamente incorrectos» e cheos de tenrura. Escribe *Poemas da cidade oculta* (1996) e no ano 1998 gaña o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón co poemario *Teoría do lugar*. Velaquí unha mostra da súa primeira obra:

Quéroa
para min que me sabe a nata con améndoas,
sábeme ós domingos pouco a pouco e sempre me
merca algún xelado.

Quéroa porque me lembra a auga e sabe masturbarme.
e
aínda que sexa dende moi lonxe...

no infindo
onde a súa primeira dolor cando era nena...

Para min que non podo vivir se ela me falta algún
domingo; por
iso merquei un vestido de pallaso, e me esculpín no
pene un elefante, e
consultei na biblioteca o libro da felicidade, e vendín
todos os meus car-
tos para comprarlle o sol que se vende detrás dos
inmóbles

ó norte da marea
e as outras fotografías dun estanco.

Estevo Creus, *Poemas da cidade oculta*



Interesado en experimentar coas novas formas da edición, convértese nun dos membros fundadores da editora «Letras de cal» e participa tamén no proxecto «Retagarda Edicións» dedicado a editar libros en formato dixital empregando o diskette como soporte. Publica nese formato *O libro dos cans* no ano 2000. Tamén no ano 2007 e xunto co seu irmán, o escritor e artista gráfico David Creus, publicará *facen Merzbau non ou posible?*, un libro que pretende borrar as fronteiras do concepto tradicional de autoría e que se move dentro dun concepto multimediático da literatura (acompañase dun DVD e de autocolantes).

Outros poetas cunha poesía moi interesante e que presentamos a nivel esquemático son:

Poetas - Poetisas	Obra
Martín Veiga (Noia, 1970)	<i>As últimas ruínas</i> (1994)
Francisco Souto ,	Responsable de Edicións do Dragón e autor de <i>As árbores do incesto</i> (1995) e <i>As horas de María</i> , Premio Johan Carballeira 2006;
Manuel Outeiriño (Ourense, 1962)	<i>É</i> (2005)
Anxos Romeo (A Estrada, 1965)	<i>Ollos de sal</i>
Isolda Santiago (Mazaricos, A Coruña, 1960)	<i>Flor de tan mal xardín</i> (1994)
Medos Romero (Soomede, As Pontes, 1959)	<i>O peso da derrota</i> (2000), <i>O pozo da ferida</i> (2006)
Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974)	<i>Pan (libro de ler e desler)</i> (1999)
Eva Veiga (Ombre, Pontedeume, 1961)	<i>A luz e as cicatrices</i> (2006)
Olalla Cociña (Viveiro, 1979)	<i>As cervicais da memoria</i> (2005). <i>Aquí</i> (intemperies) (2006)
Oriana Méndez	<i>Derradeiras conversas co capitán Kraft</i> (2006)
Igor Lugrís (Melide, 1971)	<i>Quen nos defende a nós dos idiotas?</i> (1997). <i>Mongolia</i> (2001) Membro fundador de «Letras de cal», salienta o seu labor de reivindicar que a arte nos pertence a todos, creando poemas apoiados en imaxes: “Poesía para ver e poesía para ler”.
Lucía Novas (Bueu, 1979)	<i>Epiderme de estío</i>
Daniel Salgado (Monterroso, 1981)	Xornalista que nos transmite a súa dolorosa visión do mundo no seu poemario: <i>Sucedo</i> (2004). De 2006 é <i>Éxodo</i>
Xiana Arias Rego (Fonsagrada- Lugo, 1983)	<i>Ortigas</i> (2006)

Á parte destes poetas temos os poetas dos 80 que continúan publicando. Salientaremos de novo a nivel esquemático a produción poética destes últimos anos:

POETAS - POETISAS	OBRAS
X.L. Méndez Ferrín	<i>Erótica</i> (1992), <i>Estirpe</i> (1994) e <i>Era na selva de Esm</i> (2005), e <i>Contra Maquieiro</i> (2005)
Pilar Pallarés	<i>Livro das devoracións</i> (1996)
Luís González Tosar	<i>Estúrdiga materia</i> (2008) poemario no que fala de vivencias e rende culto á lingua e aos amigos.
Ramiro Fonte	<i>O cazador de libros</i> (1997)
Antón Reixa	<i>Ringo Rango</i> (1992) e <i>Viva Galicia Beibe</i> (1994)
Manuel Rivas	<i>O pobo da noite</i> (1996), con CD incluído nunha procura de recuperar a dimensión oral da poesía, e <i>Do descoñecido ao descoñecido</i> (2005), volume recompilatorio da súa obra.
Alfonso Pexegueiro	<i>Hipatia</i> (1998) e <i>O deserto de Nabalpam</i> (2003)
Alberto Avendaño	<i>Texas</i> (2003)
Manuel Romón	<i>Bonus Track</i> (2003)
Miguel Anxo Fernán Vello	<i>Territorio da desaparición</i> (2004), Premio da Crítica Española 2004 e Premio da AELG 2005
Vicente Araugas	<i>Maneiras de querer</i> (2006)
Arcadio López Casanova	<i>Herdo do canto</i> (2005), IV Premio de Poesía Caixanova.
Xavier Seoane	<i>Vagar de amor e sombra</i> (2005), recompilación de sonetos dos últimos anos.
Román Raña	<i>A metamorfose do túnel</i> (2004), unha obra fóra do culturalismo e do elitismo propio dos 80.
M ^a Xosé Queizán	<i>Non o abras como unha flor</i> (2004)
Luisa Villalta	<i>En concreto</i> (2004) e <i>Papagaio</i> (2006) con fotografías de Maribel Longueira. Esta última obra póstuma é un canto sobre a dignidade da muller paralela á desaparición do barrio chinés na Coruña. Estes son os derradeiros poemarios desta poetisa falecida no ano 2004.
Xela Arias	Falecida no ano 2003. <i>Intempériome</i> (2003)
Marilar Alexandre	<i>Desmentindo a primavera</i> (2003) e <i>Abecedario das árbores</i> (2006)
Darío Xohán Cabana	<i>Cabalgada na brétema</i> (2006)
X. M. Álvarez Cáccamo	<i>Ancoradoiro</i> (2006)
Xavier Rodríguez Baixeras	<i>O pan da tarde</i> (2006)
X. Carlos Caneiro	<i>De bar en bar (os poemas prohibidos)</i> , presentado como disco en 2006.
Xosé Miranda	<i>Capitan dos teus ollos</i> e <i>Piratas polo Miño</i> (2006) onde reivindica o océano, o mar como espazo de liberdade onde o home se mantén fiel ao seu propio pensamento.

3.5. Poetas e tendencias do século XXI

Hoxe en día a creatividade poética no mercado abrangue unha ampla nómina de escritores que publican nos mesmos anos: os poetas dos 80, os dos 90 e aqueles que na década de 2000 se van incorporando ao xénero lírico. Isto manifesta a vitalidade e a heteroxeneidade da poesía galega dos nosos días.

Abranguer todos os poetas existentes na actualidade é imposible nesta unidade e a falta de perspectiva que provoca a proximidade no tempo só permite presentar algunhas tendencias comúns e algúns nomes destacados que acompañan hoxe en días aos autores analizados anteriormente e dos que xa se mencionaron as últimas publicacións.

Os cultivadores da lírica exploran na actualidade os eidos da hibridación de xéneros, das variedades conversacionais da lingua, da reivindicación, da poesía feminina, etc. Destacan Eduardo Estévez, Carlos Negro, Celso Fernández, María Lado, Alberte Momán, Lucía Novás, Daniel Salgado, Marta Dacosta, Sechu Sendé e algúns outros non menos importantes que constrúen unha variada paisaxe poética que ampara a esperanza dun futuro ben prometedor.

4. MODELO DE COMENTARIO

*Habitas rúas de medo e buscas
en cada neno que cruzas aquel neno que fuches.
Nunha luz oblicua da memoria onde se perden
as horas en labirintos escuros,
invernos longuísimos cinza da túa historia,
chegan a ti campás melancólicas días sen paxaros
misais, rosarios, remol de leitos onde se amou.
Por anchos corredores cruzan sombras que te precederon
bouga de pregos esluídos nunha luz nevoenta
que che trae ecos silenciosos.
Esculcas cadros
que te miran desde aló, obxectos
que outras mans tocaron,
frías caricias no muro da derrota.
Se voltas a te achegas respiras o ar que outros deixaron
en mestas atmósferas de desarraigo.
Flores artificiais caixas de música
funerarias monecas universo en sombra
no clarescuro desfarrapado da lembranza.
Sairás á rúa.
E recoñeceraste nese neno que xoga
neses ollos inmensos que miran asustados.*

Xulio L. Valcárcel, *De Alba de auga sonámbula* (1983)

Despois dunha primeira lectura, observamos que estamos ante un poema lírico, xénero literario ao cal pertencen as obras escritas en verso e que expresan sentimentos análogos.

Ao tratarse dun texto literario, unha das súas funcións predominantes é a poética que se fai patente nas personificacións (*campás melancólicas*), imaxes (*anchos corredores*) ou nos xogos de sensacións como: *frías caricias*, *flores artificiais* que embelecen a mensaxe, xunto a esta función tamén temos a emotiva-descriptiva que está presente no propio contido-asunto do poema. Un poema intimista escrito nun ton melancólico, pausado e lento querendo recuperar a través da memoria o pasado esquecido. Expresado nunha lingua actual acorde co estándar.

Desde o punto de vista do contido o título do poema **HABITAS RÚAS DE MEDO**, vains servir de guía orientadora cara ao corazón da proposta temática, e ao mesmo tempo dálle unha certa autonomía a esta composición fronte a outras pertencentes ao poemario de *Alba de auga sonámbula*, de **Xulio. L. Valcárcel** –poeta e narrador pertencente a xeración dos 80-.

En *Habitas rúas de medo*, a voz dominante é a dun **eu lírico** presente ao longo do poema, un eu que aparece desdoblado nunha segunda persoa **ti** como podemos observar nos seguintes versos: «*hábitas rúas de medo e buscas / en cada neno que cruzas aquel neno que fuches...*», «*...esculcas cadros / que te miran desde aló, obxectos / que outras mans tocaron*». Versos que amosan o autor reflectido nun

espello, coma se falase consigo mesmo, trátase da técnica do autodiálogo. As formas verbais da 2ª persoa do singular de presente de indicativo agocha os sentimentos do autor, o cal fai unha viaxe interior desde o presente ao pasado, mais concretamente á súa nenez, a aquela infancia perdida «*por anchos corredores cruzan sombras que te precederon / bouga de pregos esluídos nunha luz nevoenta*».

O autor intenta recuperar «ese neno que xoga» por medio da palabra e dos recordos do pasado «*de invernos longuísimos de cinza da túa historia*». É tremenda a forza desvatadora do tempo, onde nada escapa ao seu poder convertendo en cinza, é dicir en morte, en paso do tempo, o que foi chama vital «*chegan a ti campás melancólicas días sen paxaros / misais, rosarios remol de leitos onde se amou*». E nesa lembranza do pasado xorde na súa memoria, unha memoria que non é lineal nin obxectiva, senón oblicua «*a luz oblicua da memoria*» o seu primeiro amor. Trátase dunha memoria selectiva que escolle aquilo que máis lle impactou da súa nenez, época na cal o tempo pasa a modiño «*invernos longuísimos*», escolle aquilo que aínda co decorrer do tempo permance «*no clarescuro desfarrapado da lembranza*», así a voz poética «*esculcas cadros / que te miran desde aló, obxectos que outras mans tocaron / frías caricias no muro da derrota*». O pasado volve a el. Os obxectos producen nel sensacións, sensacións que ás veces un xa tiña esquecido, pero que perviven agochados, difuminados nese «*clarescuro desfarrapado da lembranza*». Lembranzas, recordos, sensacións, olores todo envolve o universo do protagonista desta historia que é a propia voz poética –autor–, que nun ton intimista e ás veces cun tinte existencial ofrécenos un desacougo fronte o tempo xa pasado, pero tamén unha esperanza que xorde neses últimos versos do poema «*e recoñeceraste nese neno que xoga / neses ollos inmensos que miran asustados*». Asustados porque non sabe o que lle depara, mais o poeta si o sabe e xa pode reflexionar sobre a súa nenez porque xa a viviu, xa pasou.

O **tema** en torno ao que xira este asunto é: o desacougo, a sensación de baleiro, angustia polo medo de se saber incapaz de recuperar aquilo que foi a súa máis absoluta e íntima vivencia persoal, ou poderíamos ir máis alá, e incluso dicir unha vivencia colectiva, xa que nós como lectores e adultos tamén nos vemos reflectidos, e nos recoñecemos neses nenos que habitan as rúas de medo –o paso do tempo–. Como vemo temos un tema moi intimista, melancólico e intenso que flúe ao longo dos 23 versos que constitúen esta composición dunha maneira lineal e engarzada, sen división estrutural, todo vai fluído como transcorre pola nosa mente, cando a través de sensacións obtemos un recordo e asociamos. Un poema pechado a través da técnica recolectiva do último verso que recolle o neno do primeiro verso.

Neste poema melancólico as coordenadas espazo-temporais están moi difuminadas, pois o máis importante é a emotividade interna, de aí que deberíamos falar máis que dun tempo externo manifestado nas formas verbais de presente, pasado e futuro, dun tempo interno, lento, estático no pasado nun momento da súa vida: a nenez. Tempo que está en relación co espazo que é tamén interno, xa que temos a propia memoria do autor. Hai unha paisaxe interior, enigmática, chea de lembranzas... parece coma se viaxasemos por unha galería, a da memoria, onde van fluíndo imaxes como: «*os leitos, onde un amou, os rosarios, as misas, as caixas de música...*» todos son elementos que producen sensacións no autor que lle levan a reflexionar sobre ese pasado sen retorno. Pois todos camiñamos cara adiante e non hai volta atrás.

Contido de gran carga sentimental que se vai reflectir na propia forma como veremos agora.

Desde o punto de vista da forma, estamos perante un poema monoestrófico, heterométrico composto por 23 versos libres. O seu ritmo é lento, acorde co tema

tratado, e isto acentúase coa abundancia de encabalgamentos como: «...*buscas en cada neno que cruzas...* (v.1,2)», «...*onde se perden as horas en...* (v.3,4)»; «...o ar que outros deixaron en mestas atmósferas de desarraigo... (v.15, 16)»; encabalgamentos suaves que intentan non romper o ritmo interno do poema, e que axudan a que este sexa máis fluído aínda que lento.

Cómpre salientar neste apartado a aliteración do /s/ nos dous primeiros versos, fonema que abunda ao longo da composición xunto co vibrante /r/, talvez contrastando o mundo silencioso da memoria coa realidade «*as horas en labirintos escuros... mestas atmósferas... frías caricias...*» fronte «*desarraigo, deixaron, desfarrapado, recoñeceraste cando saías a rúa*» efecto fónico que tamén terá a súa correspondencia no plano semántico.

A nivel morfolóxico, é ineludible facer referencia á grande abundancia de adxectivos (*oblicua, escuros, longuísimos, melancólicas*) que aparecen sempre connotando ao substantivo ao cal acompañan limitando e cualificando (*luz oblicua, labirintos escuros, luz nevoenta; campás melancólicas*), adxectivos pospostos que determinan e teñen menos carga subxectiva e expresiva que os antepostos que temos en (*anchos corredores, frías caricias; mestas atmósferas*). A abundancia desta categoría non só vai embelecer o poema, senón que tamén realza e enfatiza os sentimentos do autor, intensificando a nivel formal o que xa vimos no contido.

En canto á categoría verbal predominan formas de presente (*habitas, buscas, cruzas...*) que fan referencia ao momento en que fala a voz poética, e non cal se sitúa para volver ao pasado (*precederon, tocaron...*) para logo acabar no último verso coa única forma de futuro (*recoñeceraste*) que indica a esperanza.

Do mesmo xeito que os adxectivos, hai outros recursos que outorgan expresión e beleza ao poema como a recorrencia na utilización de cláusulas de relativo que normalmente modifican ao substantivo: «*luz nevoenta / que che trae ecos silenciosos*», «*cadros / que te miran desde aló*» «*obxectos / que noutras mans tocaron*», «*ar que outros deixaron...*» recorrencias que presentan en anáfora o relativo *que*. Enumeracións como: «*misais, rosarios, remol de leitos, onde se amou... flores artificiais, caixas de música, funerarias monecas...*».

Esta variedade de recorrencias e adición enumerativa son dous fenómenos intensificadores por repetición e acumulación que garda relación coa intensidade do tema.

Tema que a nivel léxico-semántico é moi rico en sensacións, e do mesmo xeito imos atopar unha gran riqueza de figuras estilísticas relacionadas coas sensacións auditivas, táctiles e visuais como as sinestesias dos versos 10 «*ecos silenciosos*», «*frías caricias* (v.14)», «*mestas atmósferas* (v.16)». E ao carón temos a personificación como «*campás melancólicas*».

Podemos concluír de todo o visto que este poema que nos achega a un mundo interior onde a poesía abandona o carácter social, e a temática ruralista moi cultivada a partir da posguerra, achéganos a un tema de carácter intimista, onde a palabra toma outros valores e a forma da mesma deixa de estar sometida a unhas regras clásicas, sendo máis libre pero sen esquecerla. Lévanos a contextualizar o poema na década dos 80, escrito polo autor pertencente a esta xeración **Xulio L. Valcárcel**.

ANTOLOXÍA DE TEXTOS

PROMESA

1

Quizais fosen mellores
Os nosos corazóns cando eran fráxiles
E algún golpe de mar, ou a noite de xullo
Poderían abrírlle as caladas feridas
Que agora, e para sempre, chamaremos nostalxias.
Quizais fosen mellores cando eran
Cal regatos lixeiros ou chovizosas tardes
Que mollaban a infancia e partillaban
Un dominio común; un val aberto,
Inmensos areaís, aquel balcón
Detido na presenza de poeirentos xeranos.
Non elixiron barcos para partiren lonxe;
Nin a brisa leviá dun verán para que os apagase, co seu lume insumiso.
Semellantes aos homes, desexaron
As árbores antigas desta terra.

Ramiro Fonte, *Pasa un segredo*

2

AMOR SEN MORTE

Língua lame emboca esbara lábil
lenta língua na lama en que xacente
esperta esbara serpe húmedamente
e ardendo de vidrados cingue hábil.

Beizos consagrados nervo a nervo
detrás diante ao cabo fronte a fronte
rebezos como pubis refulxente
e detidos no tempo verbo a verbo.

Pel con pel nácare na carne
almíscares xeados polo abrente
espasman e ampean na materia que arde.

E a vida se prolonga serena e infidamente.

Claudio Rodríguez Fer, *Poemas de amor sen morte*.

3

O TEXTO

Un home fala en soños co seu símbolo, dille
O tempo foi inútil, as palabras
Consomen o seu ciclo, no cabo das xeiras
hanse repetir o ritual e o texto.

Desperto, baixa aos espazos raianos,
aqueles nos que a morte resulta peza de museo,
territorio único
onde a memoria perpetúa un empeño excesivo,
consolidarse en obxectos idénticos a pedras.

O vacío nas cunchas val o mesmo que olvido
na voz do mar, linguaxe absoluta
para que as palabras cheguen a ser
os mesmos obxectos que nomean.

Álvarez Cáccamo, *Praia das furnas*

4

maría
tres sílabas nos beizos
preñadas
de vento/
maría
nome elemental
para escribilo nas paredes
-esprai nos dedos-/
maría
espiral
maría
na
noite
silencio/
maría
corpo concreto
maría
muller:
nas rúas
e...
maría
ti
e eu
espallados por Galicia
a xeito
de panfleto

Grupo de comunicación Poética ROMPENTE
(**Manuel M. Romón**), *Silabario da turbina*

5

O beixo

(Poema sobre uns versos de Carles Riba)

Como un beixo nevado na memoria
outro beixo na luz fóra do tempo
e os amantes sen rosto, fascinados,
caen no pozo máis branco
bebendo a lentitude do instante.
Aí o centro da seiva que regresa a outro centro,
unha estrela ondulada que toca a flor do lábio,
húmida arxila azul que se fai transparente
no interior dese beixo,
fonte pura e sonámbula que treme
no fervor e no soño da carne.
E ese beixo que se adentra no beixo
até deter no fondo o alento dunha brasa,
alarma constelada de dozura e de sedas,
abismo pronunciado no silencio brillante
da suave mordedura, boca espiral, fragmento
dun desmaio que deposita o sangue
na memoria feliz
ou na luz extasiada do olvido.

M. Anxo Fernán-Vello, *Seivas de amor e tránsito*

6

No lubricán de Santiago non hai galos que canten.
si brétema e ruídos
tímidos
que devalan
e unha choiva sen tempo escoando polos vidros
do meu cuarto baleiro
no que xazo sen boca
e comezo a sentir —eu— o teu medo imenso
diante do novo día.
logo esculco no teito con minúcia e ternura
por se algures descubro o rasto dos teus ollos
como mirtos de amor
ou edras que me nacen cada noite
e me van afogando.
Os teus ollos están a esa hora no vento,
Viaxeiros
—nada saben de min—
Hai un pacto secreto de refachos e mirtos
—nada sabes de min—
Teño ciumes do vento e medo deste día.
Deixo as portas abertas, a casa como pampa.
Saio á rúa a buscarte

Pilar Pallarés,

7

Apáñese un mercante petroleiro
Dos que pasan por cerca da Marola
Argállese un pitosfio que nin diola
Que faga alucinar o mundo enteiro,

Bótese un delegado pintureiro,
Acálense xornáis e caixa tola,
Procúrese esquecer dar pé con bóla,
entréguese ós leóns un conselleiro.

Engádanse uns bistés de boi de palla,
salfírase de soberbia incompetente,
en ver de dar razóns, sáquese a tralla.

Móntese un show mediático imponente,
Ignórese o clamor, míntase a esgalla,
Desprécese o país e a súa xente.

Cózase todo
no mesmo pote:
lacón con grelos
de chapote.

Gonzalo Navaza: Suplemento Redes
Escarlata. Receita do «Pote gallego»

8

Azar trazA
A torre da derrotA.

O medo do demO
AxexA.

AxexA
A tropa na portA.

Azar trazA
A torre da derrotA.

Gonzalo Navaza,
A torre da derrota

9

Ame o pobo o bo poema.
Iso si
Ate o pobo o bo poetA.

Gonzalo Navaza,
A torre da derrota

10

Acróstico

Somentes
intentaba conseguir
deixar na terra
algo de min que me sobrevivise

sabendo que debería ter sabido
impedirme a min mesmo
descubrir que só fun un interludio
atroz entre dous muros de silencio

só puiden evitar vivindo á sombra
inocularlle para sempre a quen amaba
doses letais do amor que envelenaba
a súa alma cunha dor eterna

sustituíndo o desexo polo exilio
inicieí a viaxe sen retorno
deixándome levar sen resistencia
ao fondo dunha interna
aniquilación chea de nostalxia.

Lois Pereiro, *Poesía última de amor e enfermidade*

11

O poema é unha pedrada na cabeza.

Por iso lles recomendamos aos lectores
que usen casco.

RONSELTZ (colectivo poético),
Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados

12

O mar nunca andou en moto

O mar é masculino se for femenino sería mar
Amar é un verbo da primeira conxugación

Xavier Santiago, *Derrapa e cai*

O amor

13

O amor foi
un trallazo moi forte
que rompeu a
ventá. E quedou rota
para sempre. Eu limpei
do chan
os cristais. Corteime
con eles
en tódolos dedos.

Lupe Gómez, Pornografía.

14

Era case neno e berraba por ser alguén máis.

Non pensaba perder unha soa

proporción.

Falaba de tantas cousas.

E mesmo diante dos seus pais dicía uns tacos

terribles.

O neno medrou e trocou nun calvo deloírado con

corenta e oito anos e un soldo razoable.

Non perdeu un só partido de fútbol coas

zapatillas de felpa por riba da mesiña.

Yolanda Castaño, Elevar as pálpebras

15

Cociño a todas horas para precipitar os alimentos crus

Nos abismos da pota. As gallegas maría

(sutilmente esmagadas)

engordan (disque) a salsa de tomate.

Non dispoño de método pero exhumei un libro de

[receitas.

que parece un compendio do universo.

Da natureza dixo galileo

que era un grande tecido (calceta, macramé)

e o papel de cebola serve para calcar os versos que

[nos gustan.

Sempre a cebola tarda (tremede, lacrimais) en

[desfacerse,

por iso é o primeiro que se bota.

Nos queimadores, en cuestión de segundos,

o lume ocupa o lugar da indiferencia.

María do Cebreiro, O estadio do espello

16

PORQUE NON É SÓ O IDIOMA O QUE ESTÁ AMEAZADO
SENÓN A NOSA PROPIA CAPACIDADE LINGÜÍSTICA, sexa cal sexa
o idioma que falemos

A LINGUA É PRODUCCIÓN, a lingua produce, produce COMUNICACIÓN
PRODUCE PENSAMENTO, PRODUCE CAPACIDADE POÉTICA,
Produce ganancia e beneficio, PRODÚCENOS como HUMANOS,
Prodúcenosn como FELICIDADE

A lingua é PRODUCCIÓN, de aí os intentos do CAPITAL por PRIVATIZAR
a lingua, por deixarnos SEN PALABRAS

A LINGUA, calquera LINGUA NO CAPITAL, tende ao esvaecemento,
tende a converterse en algo que se consume. En algo que xa non
PRODUCIMOS os falantes, senón que o CAPITAL, no seu intento de

privatizarnos, PRODUCE PARA NÓS
No CAPITAL os creadores da lingua, os falantes, pasan a ser
CONSUMIDORES; a lingua, calquera Lingua no Capital, pasa a ser un
producto de consumo, o mesmo que calquera outra MERCADORÍA

LINGUA-SERVIDUME LINGÜÍSTICA
KAPITAL-KILLER
ASASINA

Chus Pato, m-Talá

17

Hoxe estou en silencio xogando co pasado,
mentres vexo chegar andando a miña avó,
que aínda é tan pequena como eu a recordo
e segue alí no vello paseo Alfonso XII.
Eran cen escaleiras as que nos separaban,
o mundo da cidade vencido de ruídos
e a praciña de pedra en que aínda hai un pozo
ou a casa pequena da indomable Manuela.
Recupero a memoria de Pepa silenciada
pola peste da gripe cando empezaba o século,
e o misterio da vida en garrafas de barro
e algodón por Gonzalo, que naceu a destempo.
Recupero a friaxe e o sal do mar na noite
e a chalana afogada na outra beira da ría.
A miña nai tirando carbón dende a bufarda
ou atada a unha silla de falar castellano.
Eu sinto que son hoxe tantas que entón me foron,
Saladina, Manueliña, Rosa ou tamén Pepa,
e a mesma Teresa que nos fala incansable
mentres o tempo vai rodando pola tarde.

Marta Dacosta, Setembro.

18

Negación de Ulises e Teseo

Se algunha vez tiveses que agardar entre fío
E tecidos, non sexas Penélope que tece
E destece os bordados axiña que anoitece.
Ulises non existe, foi verso fuxidío.

Se algunha vez tiveses que agardar entre fío
E tecidos, non sexas Ariadna que ofrece
Saír do labirinto mortal a quen a esquece.
Teseo non existe, só queda o desafío.

Se algunha vez eu debo partir como Odiseo
Prefiro voltar sempre vencido a Compostela.
Non me importa a derrota se ti me identificas.

Se algunha vez eu debo marchar como Teseo
Non ha ser Artemisa, fluxo do meu Sarela.
Non me importa ser lama se ti me purificas.

19

Miro Villar, *Equinoccio da primavera*

Estar aquí,
así,
algo vivo,
contra o mar,
entre autobuses,
doe,
pero menos
que nun campamento
de refuxiados.

Daniel Salgado, *Sucede*

20

Ollando o mar

Da nena
Asexaba mareas dende a fiestra.
Hoxe
plantaron eucaliptos.

Antía Otero, *O son da xordeira*.

21

Sentada na porta da casa cun coxín na barriga,
Cara de poucos amigos e
así se pasou o maio.
Cumpríndolle os antollos.
O médico díxolle que tiña un embarazo psicolóxico.
Aos nove meses pariu un cartón de tabaco.

Xiana Arias, *Ortigas*.